



Sinxeleza expresiva

A praia da esperanza, de A. Fernández Paz

 María Navarro

Tomando como referencia un acontecemento real de grande impacto social, medioambiental e económico, como pouco para o pobo galego, Agustín Fernández Paz argalla unha novela que titula *A praia da esperanza* na que, entre realidade e fantasía, amosa aos pequenos lectores a percepción que unha nena pode ter das cousas que a rodean. Nada lle é indiferente aos cativos que como a protagonista da historia lle son arrebatados espazos, tempos, sentimentos ... ou anacos de experiencias.

Remata o mes de agosto e con el as vacacións de verán de Raquel e a súa familia e despois de pasar uns maravillosos días nun cámping leva como lembranza o que constitúe para a nena todo un tesouro: unha buguina que certamente garda no seu interior unha verdadeira sorpresa: unha serea minúscula de intensa cor



azul chamada Sunia que ademais de relatar fermosos contos é quen de vivir en terra e intuír perigos. Un mal día do mes de novembro sente que algo lle sucede ao mar, pola mañá, aínda que as noticias restaban impor-

tancia ao asunto, a realidade anunciaba unha auténtica catástrofe para as nosas costas: areais e rochas estaban completamente cubertas dunha espesa capa de negro petróleo. Todas as axudas serían poucas para atacar tal peste que ía acabar coa vida de gran número de animais e, como non, coa da serea Sunia nun intento deste minúsculo ser por axudar á súa familia. As expresións de penar e angustia tanto de nenos como de maiores multiplícanse nos días seguintes ao nefasto acontecemento e Raquel séntese orgullosa de participar nunha destas manifestacións formando parte da palabra VIDA na praia que tan bos recordos lle trae.

A ficción proporciona ao escritor a posibilidade de establecer un vínculo entre realidade e fantasía e presentar baixo unha aparencia de inocente anécdota unha auténtica crónica do acontecido nun período de tempo concreto e real. A sinxeleza na expresión, a inclusión de seres fantásticos e a personalidade da protagonista feminina captan a atención do lector e recordan unha vez máis constantes da obra agustiniana.

FERNÁNDEZ PAZ, A., *A praia da esperanza* (Ilustr. Teresa Novoa), Ed. Xerais, Vigo, 2003, 103 páxinas